

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA NO ÁMBITO DA CESIÓN OU COMUNICACIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL E O ACCESO AOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DOS RECOÑECEMENTOS MÉDICOS DE EMBARQUE MARÍTIMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou co Instituto Social de la Maria o instrumento convencional arriba referido que terá unha vixencia de catro anos e resultará eficaz unha vez rexistrado, no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal. Así mesmo, será publicado, no «Boletín Oficial do Estado», de conformidade co disposto no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do Convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, de acordo co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular a cesión de datos de carácter persoal e o acceso ao sistema lanus para cumprir as funcións encomendadas ao Instituto Social da Mariña relativas aos recoñecementos médicos de embarque marítimo, permitindo o acceso aos datos persoais relativos a antecedentes sanitarios necesarios para obter uns resultados máis eficaces en materia de saúde laboral e de protección da saúde dos/as traballadores/as que van desenvolver a súa actividade laboral embarcados. Tal pretensión supón un tratamento de datos de carácter persoal en forma de cesión ou comunicación por transmisión, lexitimada polo cumprimento dunha obrigação legal en base ao artigo 71.3 da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo RD Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro (LGSS).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Instituto Social da Mariña ten atribuídas como competencias propias, entre outras, as relativas á realización dos recoñecementos médicos de embarque marítimo (RMEM) de acordo coa normativa española específica e cos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España, conforme ao establecido no Real Decreto 504/2011, do 8 de abril, de estrutura orgánica e funcións do Instituto Social da Mariña, e no Real

Decreto 1696/2007, do 14 de decembro, polo que se regulan os recoñecementos médicos de embarque marítimo, que permiten o enrole para o exercicio profesional a bordo dun buque de bandeira española. Así mesmo, a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, no seu artigo 39 recolle, dentro da protección social específica das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, no seu apartado a) a realización dos recoñecementos médicos de embarque marítimo e, en relación co art. 42, que determina que a entidade competente, como organismo encargado da atención social do sector marítimo-pesqueiro, é o Instituto Social da Mariña.

A práctica dos RMEM constitúe unha actividade dentro do ámbito preventivo dos riscos laborais similar aos exames de saúde recollidos no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e as súas normas de desenvolvemento. O seu propósito é detectar calquera enfermidade que poida presentar o traballador e agravarse especialmente co traballo no mar, ou poida supoñer un risco para o resto da tripulación, ou ben poida mesmo poñer en perigo a navegación marítima.

O Real Decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración recolle o acceso, preferentemente por vía telemática, dos médicos do Instituto Social da Mariña, á documentación clínica de atención primaria e especializada dos traballadores do sistema da Seguridade Social co obxecto de que dispoñan da información necesaria respecto dos traballadores aos que realizan os preceptivos recoñecementos médicos de embarque marítimo que teñen por obxecto garantir que as condicións psicofísicas destes sexan compatibles cos seus postos de traballo

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade ten os obxectivos fundamentais –entre outros– de participar na definición das prioridades da atención sanitaria baseándose nas necesidades de saúde da poboación, e de dar efectividade ao catálogo de prestacións e servizos que se poñen ao servizo da poboación coa finalidade de protexer a súa saúde.

Para desenvolver máis eficazmente a súa xestión, a Consellería de Sanidade pode formalizar acordos, convenios ou outras fórmulas de xestión integrada ou compartida con outras entidades –públicas ou privadas– encamiñados a lograr a coordinación óptima para aproveitar mellor os recursos sanitarios dispoñibles.

As partes están interesadas en establecer unha liña prioritaria de colaboración no ámbito da cesión de datos de carácter persoal e o acceso aos sistemas de información necesarios para cumprir as funcións encomendadas ao Instituto Social da Mariña relativas aos recoñecementos médicos de embarque marítimo.



Con esta finalidade, o Instituto Social da Mariña poderá ter acceso á historia clínica electrónica xestionada mediante o sistema de información corporativo denominado IANUS, titularidade da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde . A consulta desta información de carácter sanitario, que forma parte do Rexistro das Actividades de Tratamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e que se publicitan en <http://www.sergas.gal/protecciondedatos>, permitirá obter uns resultados máis eficaces en materia de saúde laboral e unha máis eficiente protección da saúde dos traballadores que queren desenvolver a súa actividade a bordo dun buque.

Que polo exposto, ambas as partes están interesadas en subscribir o presente convenio de cesión de datos ao amparo dos artigos 8 e 9 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e do artigo 9 do Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 do Parlamento Europeo; da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e deberes en materia de información e documentación clínica e os criterios respecto diso previstos pola lexislación autonómica.

A Lei Xeral da Seguridade Social , no seu artigo 71.3 prevé que os médicos de sanidade marítima adscritos ao Instituto Social da Mariña, para levar a cabo os recoñecementos médicos de embarque marítimo, terán acceso electrónico e en papel á historia clínica dos devanditos traballadores, existente nos servizos públicos de saúde, nas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, nas empresas colaboradoras e nos centros sanitarios privados, sen que sexa necesario solicitar o consentimento do interesado, de conformidade co disposto nos artigos 6.1.e) e 9.2 h), do Regulamento (UE 2016 / 679) do Parlamento e o Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 /CE (Regulamento xeral de protección de datos) e artigos 8 e 9 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

